

## Capela de Santo Tomé

050005

### Datos de Localización

Capela

Nomenclator:	3207701
Coord. UTM:	X: 60052716 Y: 466294769
Concello:	Sandiás
Parroquia:	COUSO DE LIMIA
Lugar:	Cerredelo
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Capelas
Subtipo:	Capela



**Denominación:** Capela de Santo Tomé

**Etapa Histórica:** Indeterminada

**Estilo relevante:** Indeterminado

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Na parte de arriba do camiño público que pasa diante da fachada da "casa de Vista Real" hai un souto que pertenceu á casona. Neste emprazamento atopábase a capela da casa grande hoxe desaparecida. Segundo unha herdeira ela inda tivo na súa casa os santos que pertenceron á capela durante moito tempo, pero rematou por vendelos a un anticuario. Outra das herdeiras do edificio, unha señora duns 80 anos di: *"a miña sogra morreu xa fai máis de trinta anos e morreu maior, ela non a acordaba pero falaba dela polo que lle contaban os seus pais."*

No emprazamento que indican os veciños aínda quedan vestixios de pedras traballadas pertencentes á capela, ademais sobre o terreo apréciase bastante ben o que podía ser a pranta da construción. Cando se tirou a capela, a pedra foi aproveitada por un veciño para murar unha finca nas inmediacións de onde estaba encravada.

A primeira mención documental desta capela é na visita parroquial de Couso de Limia do ano 1676 (Libro 35.3.3., fol., 3). No ano 1719 (Libro 35.3.4., fol., 15V<sup>o</sup>), máis novidades sobre o edificio; *"otrosi porquanto doña Agustina Jiron y Buchan juntamente con Don Gonzalo Antonio Henriquez Jiron su hijo tienen debocion de hacer a honrra del glorioso apostol santo thome una hermita a toda costa en el lugar y sitio que les pareciere mas commodo, y romober la que esta; por tanto se les da licencia para que puedan hacerla, y echa bendecirla dicho abad"*. Non se sabe se a capela antiga ocupaba o mesmo emprazamento da nova que se levanta nestes momentos ou non, o que sí se ten constancia e que as obras se levan a cabo, así se desprende dunha relación de contas da igrexa parroquial de principios do século XVIII (Libro 35.3.3., fol., 93V<sup>o</sup>); *"La hermita de San thome se desizo a fundamentis y se hizieron las paredes costo la canteria ducientos reales"*.

Cara 1832 a capela xa se atopaba de novo en estrado de ruina, así queda reflexado na visita parroquial do mesmo ano (Libro 35.3.4., fol., 49); *"Hay ademas otra de San Tomé en el monte de Cerredelo, que está arruinada, y los vecinos del lugar inmediato quieren trasladar a otro sitio mas cercano al dicho lugar.. .."*. Para levar a cabo esta obra de traslado quedaba dada licencia polo bispo a través da visita; *"e igualmente proceda a la demolición de la de san tomé, si dentro de un año no la trasladasen los vezinos de cerredelo a la inmediación del lugar, para lo qual les da Su Ilustrisima facultad con intervención de parroco, para que este inspeccione la obra y cuide de que se haga con firmeza ó seguridad y decencia.. .."*. O traslado nunca se fixo realidade, e na visita pastoral do ano 1856 a capela xa non é citada, polo que se deduce que xa desaparecera.

### DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.  
Libro 35.3.3  
Libro 35.3.4

## Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

## Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.:

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Grao de Protección Arq. Grupo II

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació

Uso Actual:

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---





